



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: casa do concello
Día: 3 de decembro de 2015
Hora de comezo: 14.15 h
Hora de remate: 15.00 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o concelleiro, don Jesús Sanjuás Mera, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Aprobación gasto acometida eléctrica para o Punto Limpo, situado no polígono industrial de Sergude**
- 3. Reclamación de contía por danos ocasionados nun poste e farol público, lugar de Santaia – Codeso**
- 4. Arquivo do expediente de limpeza da leira número 26, polígono 505, de Lamas – Sergude**
- 5. Aprobación de facturas**
- 6. Xustificación do programa de financiamento de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais , ano 2015**
- 7. Alta no servizo de abastecemento**
- 8. Licenzas urbanísticas**
- 9. Solicitude subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para prórroga contratación**

- 10. Solicitude de subvencións á Deputación Provincial da Coruña, ano 2016**
- 11. Concesión de alimentos a familias desfavorecidas**
- 12. Alta na tarxeta de estacionamento**
- 13. Rogos e preguntas**

DELIBERACIÓNS

1. - Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión da Xunta de Goberno que tivo lugar o día 19 de novembro do 2015

2. Aprobación gasto acometida eléctrica para o Punto Limpo, situado no polígono industrial de Sergude

O 30 de novembro de 2015, número de entrada 15/2295, rexístrase escrito remitido por Unión Fenosa distribución referente ó expediente número 218315100079, dirección PQ Sergude, Boqueixón (A Coruña), potencia 5,75 kw.

No citado escrito sinálase que para que Unión Fenosa distribución proceda a realizar as instalacións de nova extensión de rede, neste caso para dotar de enerxía eléctrica ás instalacións do Punto Limpo situado no polígono industrial de Sergude, é preciso aboar polo concello de Boqueixón, 120,88 euros (IVE engadido) en concepto de “dereitos de acometida para a execución de acometida eléctrica”, expediente número 218315100079.

Este importe deberá ingresarse na conta bancaria IBAN xxxxx sinalando como concepto exclusivamente o número de expediente.

Una vez efectuado o pago de 120,88 euros, emitirase factura por Unión Fenosa distribución, a nome do concello de Boqueixón.

Dito pago non inclúe os dereitos de acceso (artigo 24.2.b) do RD 222/2008, de 15 de febreiro, que establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica) os cales serán aboados polo concello no momento de incorporación á rede.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar e aboar **120, 88** euros en concepto de “dereitos de acometida para a execución de acometida eléctrica situada no Punto Limpo do polígono industrial de Sergude – Boqueixón.
2. Remitir dito acordo a Unión Fenosa distribución para que proceda a realizar as instalacións de nova extensión de rede, neste caso para dotar de enerxía eléctrica ás instalacións do Punto Limpo situado no polígono industrial de Sergude e remitir a correspondente factura
3. Dar traslado deste acordo o departamento de Tesourería-Intervención

3. Reclamación de contía por danos ocasionados nun poste e farol público, lugar de Santaia – Codeso

Con data 12 de novembro de 2015, número de rexistro de saída 15/1035 comunícaselle á empresa aseguradora Mapfre Seguros Familiar que *“O día 4 de setembro de 2015, no lugar de Santaia-Codeso, na pista municipal que transcorre polo citado lugar do concello de Boqueixón, tivo lugar un sinistro no cal está involucrado un tractor con matrícula xxxxx con remolque matrícula xxxxx, asegurado na súa compañía.*

O remolque impactou contra un poste e farol, destrozando os mesmos.

Remítese o presuposto (nº 621) da empresa Montaxes Eléctricos Fernández SL, que reflicte o custo de reposición do citado farol público, retirada de apoio de formigón, apoio de formigón HV-160 R-09, conxunto de amarre para RZ 2x06/4x06mm, baixada do poste monofásica incluídas fixacións, m. liña tensada BT con condutor RZ 2x06mm e horas de traballo.

*Ascenden os traballos de reposición a un custo total (con IVE engadido) de **2.260,57 euros**.*

Adxúntase a súa vez reportaxe fotográfico sobre os danos ocasionados”.

Igualmente se lles sinala, no escrito, que comuniquen en prazo máximo de 15 días hábiles a súa aceptación ou non.

Con data 25 de novembro de 2015, co número de entrada 15/2250, a compañía de seguros Mapfre Familiar, Compañía de Seguros y Reaseguros SA, en relación co sinistro de data 04/09/15, referencia 483752567 / xxxxx comunica que *“non poden aceptar a reclamación que nos teñen traspasada, ao derivarse responsabilidade por parte da empresa MOVISTAR”, a cal deixa unha liña telefónica a unha altura inferior á establecida legalmente.*

O noso vehículo ten unha altura máxima de 3,70 metros, polo que si engancha a liña en cuestión é porque esta pende a unha altura inferior.

Unha vez reparada a mesma, agora encóntrase a unha altura de 4,50 metros. De ter esta medida na data de ocorrencia dos feitos, non se houbese producido ningún tipo de accidente.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA:

-O artigo 2.2 do RD 1372/1986, de 13 de xuño polo que se aproba o regulamento de bens das corporacións locais sinala que *“ Os bens de dominio público serán de uso ou de servizo público”.*

-O artigo 3.1 do citado regulamento sinala que *"Son bens de uso público local camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras pública de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan de competencia da entidade local”.*

-O artigo 9.2 do citado regulamento sinala que *“As entidades locais teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos”.*

-O artigo 44.2 do citado regulamento establece que para a defensa do seu patrimonio e para asegurar a axeitada utilización deste, as corporacións locais poden establecer e impoñer sancións de acordo co previsto na normativa sectorial aplicable.

SEGUNDA:

O artigo 7.1 do RDL 8/2004, de 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Responsabilidade Civil e Seguro na Circulación de Vehículos a Motor, sinala que “O asegurador, dentro do ámbito do aseguramento obrigatorio e con cargo ó seguro de subscrición obrigatoria, haberá de satisfacer ó prexudicado o importe dos danos sufridos na súa persoa ou bens. O prexudicado ou herdeiros Terán acción directa para esixilo. Unicamente quedará exonerado desta obrigación si se proba que o feito non da lugar á esixencia de responsabilidade civil conforme o artigo 1 da presente lei. Prescribe polo transcurso dun ano a acción directa para esixir ó asegurador a satisfacción ó prexudicado do importe dos danos sufridos por este na súa persoa e nos seus bens”.

Téndose acreditado mediante a reportaxe fotográfica os danos ocasionados no poste e farol público situado no camiño municipal de Santaia – Codeso polo remolque matrícula xxxxx do tractor matrícula xxxxx, propiedade de don Julián xxxxx e téndose presuposto de reparación número 621, de data 14/09/2015, concepto “poste e farol rotos en Santaia – Codeso o 04/09/2015”, por importe total (IVE engadido) de 2.260,57 €, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a valoración do arranxo do poste e farol de alumeadado público destrozados na pista municipal de Santaia-Codeso, por importe total de 2.260,57 euros, IVE engadido.
2. Comunicar á empresa aseguradora Mapfre Familiar, Compañía de Seguros e Reaseguros SA así como o propietario do remolque matrícula xxxxx e tractor matrícula xxxxx, don Julián xxxxx, que deberán proceder nun prazo máximo de 30 días co aboamento do custo do arranxo do poste e farol de alumeadado público destrozados, por importe total de 2.260,57 euros.
3. Darlle trámite de audiencia á aseguradora Mapfre Familiar, Compañía de Seguros e Reaseguros e o propietario do remolque matrícula xxxxx e tractor matrícula xxxxx, don Julián xxxxx, para que no prazo de 10 días poidan presentar alegacións ou documentación oportuna.

4. Arquivo do expediente de limpeza da leira número 26, polígono 505, de Lamas – Sergude

No mes de setembro do 2015, coincidindo co inicio do curso escolar 2015-2016, recíbense numerosas queixas dos pais/nais dos alumnos/as que acoden á escola infantil municipal de Lamas-Sergude en relación co perigo que supón que a leira de monte que está preto da escola infantil está con abundante maleza, o cal supón un risco de incendio así como de insalubridade.

Coa finalidade de tramitar este expediente administrativo, comprobouse a través da sede electrónica do catastro, e mediante usuario rexistrado a nome do concello de Boqueixón que a leira dedicada a monte cuxa referencia catastral é a número

15012C505000260000DW, polígono 505, parcela 26 é propiedade de dona Rosa María xxxxx

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o 22 de outubro do 2015 acordouse requirir á propietaria da leira número 26 polígono 505 do lugar de Lamas – Sergude, dona Rosa María xxxxx, para que procedese en prazo de 15 días naturais a executar os traballos de limpeza da biomasa vexetal existente, ata gardar a distancia de 50 metros perimetrais respecto da edificación.

O 20 de novembro de 2015 co número de entrada 15/2219, don José M. xxxxx, avogado, en nome e representación de dona Rosa M^a xxxxx alega:

1. Non existir inconveniente en executar os traballos de limpeza da biomasa vexetal existente na parcela número 26, polígono 505 do lugar de Lamas-Sergude.
2. Que o concello adopte as medidas necesarias para evitar danos no vial e aos usuarios posto que a citada parcela ten unha configuración de pronunciada pendente.
3. Que se peche o paso existente entre a leira número 26 polígono 505 do lugar de Lamas – Sergude e a escola infantil municipal de Lamas-Sergude, absténdose de pasar pola cancela existente e que retiren a mesma.

Según informe técnico de data 30 de novembro do 2015 *“Feita inspección técnica no lugar de Lamas-Sergude, compróbase que arredor da escola infantil municipal a leira número 26, polígono 505, procedeuse coa limpeza da maleza existente.*

Cúmprese coa normativa das distancias esixidas pola Lei 3/2007 de prevención de riscos forestais, modificada pola Lei 7/2012, de montes de Galicia.

Entre a parcela número 26, polígono 505 e a escola infantil municipal de Lamas-Sergude existe un cerramento realizado nunha parte con malla de arame e noutra parte con formigón. A malla de arame impide o paso entre ambas parcelas.

Procedeuse coa retirada da cancela, posto que xa estaba inutilizada dende fai tempo, debido a que a colocación da malla impide o paso dunha parcela á outra.

Adxúntase reportaxe fotográfico”.

Polo anteriormente exposto a Xunta de Goberno acorda :

1. Arquivar o expediente aberto neste concello contra dona Rosa xxxxx, propietaria da leira dedicada a monte número 26, polígono 505, do lugar de Lamas-Sergude, por proceder a mesma cos traballos de limpeza ata gardar as distancias esixidas pola Lei 3/2007 de 9 de abril en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, modificada pola Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia
2. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.
3. Comunicar que para vindeiras limpeza de biomasa vexetal na leira dedicada a monte número 26, polígono 505, do lugar de Lamas-Sergude, deberá a propietaria da leira dirixirse á Consellería de Infraestruturas e Vivenda e solicitar autorización para adoptar as medidas de seguridade necesarias na AC-960, lugar de Lamas – Sergude, respecto do vial e dos usuarios.
4. Comunicar que o cerramento con malla de arame impide o paso entre as dúas parcelas e que a cancela foi retirada.

5. Informar que a limpeza da leira terá que facerse con carácter periódico, para evitar de novo o perigo de incendio.

6. Trasladar este acordo á interesada

5. Aprobación de facturas

A.- Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar as seguintes relacións de facturas que suman un total de 18.901,16 euros e que a continuación se relacionan e desagregan nos seguintes listados:

Aprobar as seguintes facturas domiciliadas:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	GARDERIA981502190 - 01 Nov. a 30 Nov. 15	920	22200	14,52 €
2	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CENTRALIÑA: 981513061 - 01 Nov. a 30 Nov. 15	920	22200	104,50 €
3	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	ALARMA 981513189 01 Nov. a 30 Nov. 15	920	22200	7,73 €
4	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	CORREOS 981513248 - 01 Nov. a 30 Nov. 15	920	22200	0,93 €
5	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.	P. CIVIL 981513434 - 01 Nov. a 30 Nov. 15	920	22200	2,73 €
6	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA, S.A.	CONSUMO TELÉFONOS MÓBILES 18/09-17/10	920	22200	54,60 €
7	VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.	SERVIZO SMS 15/10-14/11	920	22200	14,54 €
				TOTAL	199,55 €

Aprobación de facturas pendente de pago:

	NOME	TEXTO EXPLICATIVO	PROGR.	ECON.	IMPORTE
1	ANA MARIA LOPEZ REGOS	ACTUACIÓN MUSICAL REDE CULTURAL 2015	334	22609	1.712,26 €
2	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	REPARACIÓN AMPLIFICADOR XIMNASIO	342	21200	77,44 €
3	BERMUDEZ REBOREDO, JOSE	REDES PORTERIAS FUTBOL 7	342	22199	95,00 €
4	CAEIRO VILAR, ANSELMO	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	111,45 €
5	CARPIMETAL BOQUEIXON, S.L.	REJILLAS MARQUESIÑA LAMAS E CUBELO-.VIGO	1532	21200	151,25 €
6	CIDE HCENERGIA, S.A.	CONSUMO ELECTRICIDADE	165	22100	60,50 €
7	COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	RECOLLIDA CARTÓN OUTUBRO	1623	21200	388,98 €
8	COMPOSTELANA DE GAS 2011, S.L.	CARGAS DE GAS POLIDEPORTIVO FORTE	342	22102	140,25 €
9	CORRAL SANCHEZ, JUAN M.	LIQUIDACIÓN DE GASTOS	920	23020	12,92 €
10	DAVID FERNANDEZ NEIRA	ACTIVIDADES DEPORTIVAS MES DE OUTUBRO	341	22609	1.540,33 €
11	EXTINFER SEGURIDAD S.L.	REPAR. CENTRAL INCENDIOS E REV. GARDERIA	231	21000	562,65 €
12	EXTINFER SEGURIDAD S.L.	REVISIÓN EXTINTORES E BIE - GARDERIA	231	21000	154,88 €
13	FOGA	MANTENIMENTO FOTOCOPIADORAS NOVIEMBRE	920	21300	420,63 €
14	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	CONSUMO ALUMEADO PÚBLICO	165	22100	339,79 €
15	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASÓLEO C CONCELLO, C. MÉD. FORTE E GARDERÍA	171	22103	2.213,88 €
16	GASOLEOS SAN BENITO, S.L.	GASOLINA PARA A MAQUINARIA	171	22103	195,33 €
17	JAIME GOMEZ SOUTO Y OTRO, S.C.	PECHAPORTAS PORTA DO CONCELLO	920	21200	211,14 €
18	JUAN JOSE DE LA TORRE GARCIA	LIMPEZA E ACONDIC. DE PRESA CODESO E ENJAS	1532	21200	583,22 €
19	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	PUBLICIDADE WEB DÍAS OCTUBRO	432	22602	121,00 €

20	MARBE HISPANIA, S.L.	CEMENTO OBRA LOUREDA	1532	21200	738,56 €
21	SOGAMA	TRATAMENTO LIXO MES DE OUTUBRO	1623	21200	8.350,47 €
22	TALLERES Y REPUESTOS BARCO, S.L.	GRUA POR LEVAR E RECOLLER BARREDORA BAYGAR	163	21300	266,20 €
23	VAZQUEZ FDZ, MARIA DEL CARMEN	PRODUCTOS ALIMENTICIOS GARDEIRA OUTUBRO	231	22105	253,48 €
				TOTAL	18.701,61 €

6. Xustificación do programa de financiamento de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais , ano 2015

Con data do 17 de marzo de 2015 solicitouse á Deputación Provincial da Coruña a través da Convocatoria do programa de financiamento de cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015 (BOP número 31, do 16 de febreiro de 2015) para a contratación de 1 oficial de 2ª e 2 peóns de albanel.

Mediante Resolución de Presidencia número 2015/7609 pola que se aproba o programa DP0001 de financiamento das cuadrillas de obras e servizos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes no exercicio 2015, publicada no BOP. núm 74 con data do 22 de abril de 2015, subvencionase a esta entidade unha axuda económica por importe de 11.400 euros para a contratación dunha cuadrilla de obras e servizos municipais 2015: 1 oficial de 2ª e 2 peóns. Código de expediente: 2015000002841.

Con data do 19/05/2015 esta entidade recibíuse na conta de ABANCA o importe de 5.700 euros da axuda económica aprobada, en concepto de anticipo do 50%.

Con data do 4 de xuño por resolución de alcaldía aprobouse as bases de convocatoria para a contratación de dita cuadrilla. De dito proceso selectivo foron contratados os seguintes peóns de albanel: Manuel Carlos Agrelo Fernández e Marcos Asorey Vales; e o seguinte albanel oficial de 2ª: José Ferreiro Ferreiro.. Por un período de 3 meses dende o 29 de xuño ou 28 de setembro de 2015, cunha xornada de 25 horas semanais.

O prazo de xustificación rematará o 31 de maio de 2016.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar e imputar os salarios brutos e as seguridade social da empresa dos traballadores contratados, como peóns de albanel: Manuel Carlos Agrelo Fernández e Marcos Asorey Vales; e o como albanel oficial de 2ª: José Ferreiro Ferreiro.

2ª Que a relación clasificada dos pagos realizados ós traballadores contratados é a seguinte:

Datos do traballador 1	Nome e apelidos: JOSÉ FERREIRO FERREIRO		CIF: xxxxx		Categoría profesional: OFICIAL DE 2ª		
	Mes: XUÑO Nº días: 2	Mes: XULLO Nº días: 31	Mes: AGOSTO Nº días: 31	Mes: SETEMBRO Nº días: 28			
		Data e forma de pago		Data e forma de pago		Data e forma de pago:	
Total devengado (25 h. semanais)	63,06 €	25/06/15 Transferencia Bancaria	945,86 €	27/07/15 Transferencia Bancaria	945,86 €	25/08/15 Transferencia Bancaria	1.133,74 €
						25/09/15 Transferencia Bancaria	

Seguridad e social a cargo da empresa (25 h. semanais)	23,83 €	Tc: 31/07/15 Transferencia Bancaria	357,54 €	Tc: 31/08/15 Transferencia Bancaria	357,54 €	Tc: 30/09/15 Transferencia Bancaria	428,55 €	Tc: 30/10/2015 Transferencia Bancaria
Total mes	86,89 €		1.303,40 €		1.303,40 €		1.562,29 €	

Datos do traballador 2	Nome e apelidos: Manuel Carlos Agrelo Fernández	CIF: xxxxx	Categoría profesional: peón
------------------------	---	------------	-----------------------------

	Mes:XUÑO Nº días: 2		Mes:XULLO Nº días:31		Mes: AGOSTO Nº días:31		Mes:SETEMBRO Nº días:28	
		Data e forma de pago		Data e forma de pago		Data e forma de pago:		Data e forma de pago:
Total devengado (25 h. semanais)	59,19 €	25/06/15 Transferencia Bancaria	887,92 €	27/07/15 Transferencia Bancaria	887,92 €	25/08/15 Transferencia Bancaria	1.064,30 €	25/09/15 Transferencia Bancaria
SS a cargo da empresa (25 h. semanais)	22,37 €	Tc: 31/07/15 Transferencia Bancaria	335,64 €	Tc: 31/08/15 Transferencia Bancaria	335,64 €	Tc: 30/09/15 Transferencia Bancaria	402,30 €	Tc: 30/10/2015 Transferencia Bancaria
Total mes	81,56 €		1.223,56 €		1.223,56 €		1.466,60 €	

Datos do traballador 3	Nome e apelidos: Marcos Vales Asorey	CIF: xxxxx	Categoría profesional: Peón
------------------------	--------------------------------------	------------	-----------------------------

	Mes:XUÑO Nº días: 2		Mes:XULLO Nº días:31		Mes: AGOSTO Nº días:31		Mes:SETEMBRO Nº días:28	
		Data e forma de pago		Data e forma de pago		Data e forma de pago:		Data e forma de pago:
Total devengado (25 h. semanais)	59,19	25/06/15 Transferencia Bancaria	887,92	27/07/15 Transferencia Bancaria	887,92	25/08/15 Transferencia Bancaria	1064,3	25/09/15 Transferencia Bancaria
SS a cargo da empresa (25 h. semanais)	22,37	Tc: 31/07/15 Transferencia Bancaria	335,64	Tc: 31/08/15 Transferencia Bancaria	335,64	Tc: 30/09/15 Transferencia Bancaria	402,3	Tc: 30/10/2015 Transferencia Bancaria
Total mes	81,56		1223,56		1223,56		1466,6	

3ª.- Que para este mesmo obxecto, non se obtiveron outras subvencións ou ingresos de ningún tipo.

4ª.- Declarar que esta entidade local fixo constar a colaboración da Deputación en toda a información á que se refire a base 7, relativa á actividade subvencionada.

5ª.- Que a contratación foi realizada de acordo cos principios de publicidade, concurrencia, igualdade, mérito e non discriminación.

6ª.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación dos investimentos realizados e dos resultados obtidos.

7ª.- Declarar que esta entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo de presentación de xustificación.

8ª.- Que o gasto xustificado e obxecto de axuda, se reflectíu, na forma preceptiva, no libro de contabilidade da Entidade, segundo o establecido o artigo 14.1 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de subvencións e o establecido no apartado 9 das Bases de convocatoria de subvención dirixidas ós concellos e outras entidade locais da Deputación Provincial da Coruña para ano 2015.

9ª.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

7. Alta no servizo de abastecemento

Concesión alta no servizo de abastecemento de auga

8. Licenzas urbanísticas

A) Autorización de cambio de titularidade dunha licenza municipal de obras para a construción dunha edificación para uso dunha clínica de fisioterapia, no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón. Expte: 15/2243.

ANTECEDENTES:

Con data do 24/11/2015 e rexistro de entrada nº. 15/2243, por María Carmen xxxxx, con NIF nº. xxxxx, preséntase Solicitud de cambio de titularidade da licenza municipal de obras nº 14/1145 para a construción dunha edificación para uso dunha clínica de fisioterapia, no lugar do Forte, parroquia de Boqueixón.

Xunto coa solicitude, preséntase copia da escritura de cesión de viais, segregación e donación, outorgada con data do 16 de setembro de 2014, ante o notario don José Manuel Amigo Vázquez, con número de protocolo 2031, a favor de dona María xxxxx.

Comprobado o expediente de referencia, constátase que dita licenza foi aprobada na Xunta de Goberno do 18 de decembro de 2014, a nome de don Manuel xxxxx, en base ó proxecto básico e de execución modificado, de outubro de 2014 (expediente 14/590).

Cumpridos os trámites regulamentarios, e tendo en conta a documentación presentada, a Xunta de Goberno acorda:

1.-Autorizar o cambio de titularidade da licenza municipal de obras nº 14/1145, para a construción dunha edificación para uso dunha clínica de fisioterapia, no lugar do Forte, na parroquia de Boqueixón, que foi concedida segundo acordo adoptado na Xunta de Goberno do 18 de decembro de 2015, a nome de Manuel xxxxx, con NIF xxxxx, mantendo as condicións existentes na mesma.

2.-Transmitir a nova titularidade da dita licenza de obras a nome de María Carmen xxxxx, con NIF xxxxx.

3.-Notificar este acordo aos interesados.

B) Licenza municipal de parcelación dunha finca en dúas partes. Expte.: 15/1838.

ANTECEDENTES:

Con data do 24/09/2015 (registro de entrada 15/1838), por Manuel xxxxx, con NIF xxxxx, preséntase un proxecto técnico de parcelación da finca número 574 da zona de Concentración Parcelaria de Oural-Pousada-Sucira-Bendaña, sita no lugar xxxxx, parroquia de Oural, e emprazada urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural Común.

Con data do 08/10/2015, polos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítase un **informe técnico favorable condicional**, que obriga ao promotor a presentar un anexo coa documentación xustificativa que se sinala no mesmo.

Con data do 13/10/2015 (registro de saída 15/923), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento do promotor, que debe presentar a documentación correspondente, que recolla tódalas modificacións esixidas no dito informe técnico.

Con data do 30/10/2015, (registro de entrada número 15/2089), por Manuel xxxxx, preséntase un proxecto refundido da segregación, xunto coa documentación requirida no antedito informe técnico.

Con data do 12/11/2015, a arquitecta municipal María Carmen Novoa Sío, emite **informe técnico favorable** no que corresponde á normativa urbanística para a realización das actuacións expostas na documentación presentada. No mesmo considera que, segundo a cartografía do PXOM, non existen outras afeccións que impliquen autorizacións administrativas previas á concesión da licenza municipal, sen prexuízo doutros datos descoñecidos pola técnica que asina, e que non consten reflectidos na citada cartografía.

Así mesmo, faise constar no dito informe que, por tratarse dunha parcela de substitución dunha concentración parcelaria rematada, resulta de aplicación a lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, concretamente o 72.d). Xa que a finca matriz está clasificada totalmente como solo de núcleo rural, non é necesaria a autorización previa do servizo provincial competente en materia de reestruturación parcelaria.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude desta licenza municipal de segregación, por importe de 123,24 € (ingresada aos efectos con data do 25/11/2015). Polo que unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO:

Conceder, a Manuel xxxxx, a “licenza municipal”, para a segregación dunha finca, sita no lugar xxxxx, na parroquia de Oural, e emprazada urbanísticamente en solo de núcleo rural común, en base á documentación técnica presentada, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros, e coas seguintes condicións:

01. Núm. do expediente: 15/1838
02. Promotor da licenza: MANUEL xxxxx, con NIF: xxxxx
03. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL COMÚN
04. Tipo de licenza: DIVISIÓN DUNHA FINCA EN DÚAS PARTES
05. Situación e emprazamento: CASTRO – OURAL
06. Técnico autor do proxecto: ROBERTO CASTRO ROCAMONDE. Enx. Técnico Forestal.

DESCRIPCIÓN DA PARCELA INICIAL E DAS PARCELAS RESULTANTES

1.- PARCELA INICIAL:

Finca nº 574 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria da zona de Oural-Pousada-Sucira-Bendaña, no lugar xxxxx – Oural (Boqueixón). Finca destinada a labradío ao sitio

chamado “VITE”, cunha superficie de trinta áreas e setenta centiáreas (3.070,00 m²). Linda: Norte, con Luís xxxxx (575) e Rogelio xxxxx (576); Sur, con camiño; Leste, con Rogelio xxxxx (576); e Oeste, con Antonio xxxxx (573).

A finca descrita está cruzada por un tendido eléctrico e ten encravadas construcións.

Identifícase coa referencia catastral 001303800NH53G0000SB, e está cualificada dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Boqueixón, como Solo de núcleo rural común.

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Santiago nº 1, no Tomo 1202, libro 83, folio 129, finca 17.697 de Boqueixón, inscrición primeira.

Segundo consta no proxecto, a delimitación da finca coa vía pública coincide coa aliñación prevista no PXOM. Así, a superficie bruta da parcela coincide coa superficie neta, polo que neste caso non existe cesión.

2.- PARCELAS RESULTANTES FINAIS:

Parcela A:

(Parcela 574-A, no proxecto).

Rústica destinada a labradío e monte, cunha extensión de **1.245 m²**. Linda: Norte, con Luís xxxxx (575); Sur, con camiño; Leste, con parcela B segregada (parcela 574-matriz, no proxecto); e Oeste, con Antonio xxxx (573).

Esta finca está cruzada por un tendido eléctrico e ten encravadas construcións.

Dita parcela está cualificada como Solo de núcleo rural común.

Parcela B:

(Parcela 574-matriz, no proxecto).

Rústica destinada a labradío e monte, cunha extensión de **1.825,00 m²**. Linda: Norte, con Luís xxxxx (575) e Rogelio xxxxx (576); Sur, con camiño; Leste, con Rogelio xxxxx (576); e Oeste, con parcela A segregada (parcela 574-A, no proxecto) .

Esta finca está cruzada por un tendido eléctrico e ten encravadas construcións.

Dita parcela está cualificada como Solo de núcleo rural común.

9. Solicitude subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para prórroga contratación

No DOG. Núm. 222 do 20 de novembro de 2015, foi publicada a ORDE do 16 de novembro de 2015 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2015.

A contía máxima da subvención que se concede para cada axente de emprego é o 25% dos custos salariais incluída a cotización á seguridade social, co límite máximo de 27.046 euros anuais.

O restante 75% do custo salarial corresponderalle ó Concello de Boqueixón asumilo. A presente Orde de convocatoria, tal e como establece o artigo 4, punto 2, non permite a compatibilidade desta axuda con subvencións ou outras axudas públicas ou privadas, con independencia do seu importe, para a mesma finalidade, se proceden de fondos de políticas

activas de emprego, para o cofinanciamento da aportación municipal. E en concreto, prevese solicitar unha axuda á Deputación da Coruña dentro do Programa de Promoción Turística para a anualidade 2016, posto que esta axuda non procede de fondos de políticas activas de emprego.

A citada Orde de convocatoria establece que a solicitude deberá acompañarse, entre outra documentación, dunha memoria-proxecto que desenvolverá o axente de emprego e desenvolvemento local nos termos establecidos no artigo 6º.1. IV.

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno acorda:

1 Aprobar a prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local (AEDL) polo período dun ano.

2 Aprobar o proxecto para o que se solicita a subvención.

3 Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria unha subvención de 5.735,13 euros para un gasto total de 22.940,52 euros para a prórroga de dita contratación

4 Dispór da financiación para costear a parte non subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por importe de 17.205,39 euros.

5 O cálculo da subvención que se solicita está fixado en función do convenio colectivo de aplicación que é o do Concello de Boqueixón, publicado no DOG. Núm. 42, de 02/08/2005, e conforme este, o salario que se aboará á traballadora é, importe mesual, o da seguinte táboa:

Apelidos e nome AEDL	Titulación académica	Salario bruto mensual	G.C	CNA ocupación	Cotización Empresarial á SS.	Total salario+S.S mensual	Custo bruto anual	Subv. solicitada
Ferreiro Sanín Mª Cruz	Psicología clínica	1.443,56 €	1	a	468,15 €	1.911,71 €	22.940,52€	5.735,13 €

6 Comunicar este acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

10. Solicitude de subvencións á Deputación Provincial da Coruña, ano 2016

A) Solicitude de Subvención aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais durante o ano 2016. (Mantemento FOO36A)

No BOP núm. 221 do mércores do 18 de novembro de 2015 publícanse as Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2016. Así mesmo, publícase a Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016 (Mantemento FOO36A)

Con base no establecido nas bases específicas da convocatoria (FOO36A) a Xunta de goberno acorda:

1. Solicitar a dita subvención para o desenvolvemento do Programa de Saúde e Calidade de Vida correspondente ao código **EAS-2: Proxectos para a prevención do deterioro mental e estimulación cognitiva.**
2. Solicitar como importe: 3.000€, sendo o orzamento total establecido para o desenvolvemento do Programa de prevención da dependencia: 4.320 €
3. Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
4. Acreditar ter aprobada a Conta xeral do exercicio 2014 e presentada ante os órganos de control externo.
5. Declarar o cumprimento de tódolos requisitos esixidos nas bases reguladoras e a aceptación dos compromisos que nela se inclúen.
6. Adoptar o compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero.
7. Declarar a previsión de obtención dunha contía de 750 € para a mesma finalidade en concepto de copagamento das persoas participantes no programa.
8. Aprobar a memoria explicativa das actividades que se van a realizar no dito programa
9. Facultar expresamente ao alcalde don Ovidio Rodeiro Tato como representante para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordó e o correspondente expediente.
10. Designar o seguinte correo electrónico para as comunicacións relativas á tramitación da subvención: mariajose.pereira@boqueixon.es
11. Dar traslado deste acordó á Deputación Provincial da Coruña, Área de Servizos Sociais, Sección de Servizos Sociais

B) Solicitude subvención “Programa de Promoción da Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Proxecto CI-5 , Conciliación e Responsabilidades Compartidas”

Á vista da convocatoria da Deputación Provincial da Coruña das bases reguladoras do programa de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2016 (BOP nº 221 de 18 de novembro de 2015), a Xunta de Goberno acorda :

1.Solicitar subvención para levar a cabo actividades de conciliación e responsabilidades compartidas, dentro do Proxecto CI-5, Conciliación e Responsabilidades compartidas, dentro do programa de promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. O programa de conciliación está dirixido a poboación infantil ata 12 anos, a ofrecer fóra do horario escolar, en horario laboral e durante ou abarcando todos os períodos de vacacións, con persoal especializado e traballando conscientemente a transversalidade de xénero.

Fomentarase igualmente a igualdade de xénero, na cal mulleres e homes actúen corresponsablemente nas tarefas domésticas.

2.Orzamento total a solicitar é de 5.500,12 euros. O importe total da actividade é polo mesmo importe.

3.Acreditar ter elaboradas, rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ó ano 2014.

4.Dispoñer dos fondos necesarios para facer fronte, no seu caso, ao importe do orzamento que non resulte subvencionado.

5. Declaración de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autorización para que a Deputación Provincial da Coruña poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das subvencións.

6. Autorizar á Deputación Provincial da Coruña para aplicar a compensación coa contía das axudas, no caso que proceda.

Así mesmo autorizar á Deputación Provincial da Coruña para que aplique a compensación para o cobramento de sancións salvo que se formule oposición as mesmas por parte da entidade sancionada ata que se resolva o recurso.

7.O Concello de Boqueixón non participa noutras convocatorias de 2016 da Deputación Provincial para as mesmas actividades para as que solicita esta axuda.

8.O compromiso de emprego da lingua galega e compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero, por parte do Concello de Boqueixón.

9.Aprobar a memoria de actividades “Conciliamos 2016”, cuxo obxectivo é fomentar as actividades culturais, educativas, e de lecer para a poboación infantil fóra do horario escolar, en xornada laboral dos pais/titores e en períodos vacacionais, no seu caso.

10.Nomear a don Ovidio Rodeiro Tato como representante para as relacións entre esta entidade local e a Deputación Provincial.

11. Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que se sinalan na mesma.

12. Designar o seguinte correo electrónico para as comunicacións de trámite e completar documentación: cristina.carbajales@boqueixon.com

13.Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, Área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais.

14. A entidade que represento consinte que os datos deste expediente queden incorporados ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña. Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros cuxa finalidade é conter os datos das persoas que participan nos programas de subvencións financiados pola

Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos e poderán ser incluídos na páxina web. O órgano responsable do ficheiro é a Deputación Provincial da Coruña e o enderezo onde o interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición é a Avda. Alférez Provisional nº 2 15006 A Coruña, todo o cal se informa en cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/119, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento

C) Solicitud de Subvencións aos concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais durante o ano 2016. (Referencia: FOAXCA).

No BOP núm. 221 do mércores 18 de novembro de 2015 publícanse as Bases reguladoras das convocatorias de subvencións dirixidas aos concellos e outras entidades locais, da Deputación Provincial da Coruña, ano 2015. Así mesmo, publícase a Convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2016 (Referencia: **FOAXCA**).

Con base no establecido nas bases específicas da convocatoria (FOAXCA), a Xunta de Goberno acorda:

1. Solicitar a dita subvención para o desenvolvemento do Programa de Servizos Sociais Comunitarios Básicos, código: **CCB-4. Programa básico de inserción social**.
2. Solicitar como importe: 7.773 €, sendo o orzamento total establecido para o desenvolvemento do programa: 9.773 €
3. Autorizar á Deputación para obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordear os pagamentos das subvencións.
4. Consentir que a Deputación incorpore os datos deste expediente ao Rexistro Público de Subvencións e aos ficheiros informáticos da Deputación da Coruña, en cumprimento do disposto da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a súa normativa de desenvolvemento.
5. Acreditar ter aprobada a Conta xeral do exercicio 2014 e presentada ante os órganos de control externo.
6. Declarar o cumprimento de todos os requisitos esixidos nas bases reguladoras e a aceptación dos compromisos que nela se inclúen.
7. Adoptar o compromiso de emprego dunha linguaxe con perspectiva de xénero.
8. Declarar non ter solicitado nin obtido algunha outra subvención ou ingreso, público ou privado, especificamente destinado á mesma finalidade.
9. Aprobar a memoria explicativa das actividades que se van a realizar no dito programa.

10. Facultar expresamente ao alcalde don Ovidio Rodeiro Tato como representante para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

11. Designar o seguinte correo electrónico para as comunicacións relativas á tramitación da subvención: ana.anta@boqueixon.es

12. Dar traslado deste acordo á Deputación Provincial da Coruña, Área de Servizos Sociais, Sección de Servizos Sociais

D) Solicitud convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para a realización de actividades deportivas, realización de investimentos deportivos e contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016.

No BOP número 221 de 18 de novembro de 2015 saen publicadas as bases da convocatoria do programa de subvencións para concellos e outras entidades locais de apoio ó deporte.

Así con referencia F0101/2016 sale denominada a Convocatoria do programa de subvencións para actividade xeral de deportes durante o ano 2016.

Con referencia F0102/2016 sale denominada a Convocatoria do programa para infraestrutura e equipamento deportivo durante o ano 2016.

Con referencia F0106/2016 sale denominada a convocatoria do programa para a contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2016.

Á vista das bases de ditas convocatorias a Xunta de Goberno acorda::

1.Solicitar a participación na convocatoria de programas de apoio ó deporte ,dirixidos a concellos e outras entidades locais para actividades e investimentos durante o ano 2016 para os seguintes programas:

a.-Actividade deportiva xeral: Promoción do deporte: plan de escolas deportivas e plan de actividades puntuais por un importe total de 47.175 €, sendo a subvención solicitada polo mesmo importe.

b.-Infraestructura e equipamento deportivo: Plan de estruturación departamento de deportes;, por un importe total de 43.500€ para a Mellora de Equipamento no ximnasio municipal (sala de musculación), sendo a subvención solicitada polo mesmo importe.

c.- Contratación de persoal técnico deportivo: Contratación dun técnico deportivo municipal o importe solicitado e subvencionado é de 10.000€.

2.Dispoñer dos fondos necesarios para execución do proxecto.

3.Que atendendo a natureza xurídica e ó réxime de protección dos obxectos sobre os cales se pretende actuar no Concello de Boqueixón non son necesarias autorizacións administrativas de ningún organismo.

4. Dispoñer da titularidade sobre o ben para a execución do citado proxecto (neste caso o ximnasio municipal xa que a mellora de equipamento e para dita instalación)
5. Declarar estar o corrente das obrigas tributarias e a seguridade social, e as obrigas coa Deputación Provincial da Coruña.
6. Autorizar a diputación a obter as certificacións da axencia Estatal da Administración Tributaria e da tesourería da Seguridade social nas que se acredite que o concello está o corrente das obrigas tributarias.
7. Acreditar ter elaboradas, rendidas e aprobadas as liquidacións ou contas do exercicio vencido correspondente ao 2014.
8. Aprobar a memoria explicativa das actividades e o proxecto de investimento, que se vai a realizar ,nas cales se indican tanto o número de persoas beneficiarias pola axuda como o calendario.
9. Designar o seguinte correo electrónico: deporte@boqueixon.com para os requirimentos, comunicacións de trámite e completar a documentación.
10. Comprometerse a facer constar, en todo tipo de información que se realice no desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración da diputación Provincial da Coruña.
11. Nomear a Don Ovidio Rodeiro Tato como representante para as relacións con esta entidade local coa Deputación Provincial da Coruña.
12. Aceptar e coñecer as bases da convocatoria e os compromisos que nesta convocatoria se indican.

E) Solicitude de adhesión ao Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2016

No BOP núm. 221 do 18 de novembro de 2015 publícanse as bases reguladoras do “Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais para o exercicio 2016”.

Este Plan convócase ao amparo do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e que no seu artigo 31 establece que as deputacións proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes, na execución das súas competencias en materia de servizos comunitarios.

Para a cuantificación das achegas a cada concello, establécense módulos, os cales van referidos ao cofinanciamento dos gastos polos conceptos de salarios e Seguridade Social do persoal con perfís profesionais diferentes e complementarios ó do/da profesional de referencia, regulado no artigo 37 do Decreto 99/2012: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar na modalidade de SAF básico.

Segundo os ditos módulos de financiamento, ao Concello de Boqueixón correspóndelle as seguintes contías:

Módulo	Concepto subvencionado	Achega máxima
IC	Persoal auxiliar administrativo	12.028,57€
IA	Persoal auxiliar administrativo	13.915,53€
IID	Persoal Técnico de grado medio	13.928,85€
IV	Persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar básico	17.643,83€
TOTAL		57.516,78€

Con base no establecido nas bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2016, a Xunta de Goberno acorda:

- 1.- Que coñece e acepta as bases da convocatoria, do **programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios para o exercicio 2016** e os compromisos que nela se inclúen.
- 2.- Adherirse ao programa de servizos sociais comunitarios da Deputación da Coruña para o 2016, de acordo coas contías xerais previstas na Base 14 do programa e co financiamento que se indica no cadro de orzamento e financiamento previstos tal e como a continuación se indica:

CADRO DE ORZAMENTO E FINANCIAMENTO PREVISTOS										
PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS PARA O EXERCICIO 2016										
Entidade solicitante:		Concello de Boqueixón						CIF:		P1501200H
Achega Deputación:		57516,78								
					Financiamento previsto 2016					
Módulos solicitados	Personal subvencionado	Natureza da súa vinculación laboral	Tipo de xornada	Orzamento	Achega Deputación	Achega Xunta	Achega das personas usuarias	Outras achegas	Achega municipal	
IC	Auxiliar administrativo 1	Funcionaria	Xornada completa	25573,46	12028,57				13544,89	
IA	Auxiliar administrativo 2	Laboral eventual	Xornada completa	14687,37	13915,53				771,84	
IID	Técnico de grado medio 1	Laboral eventual	Xornada completa	20328,5	13928,85				6399,65	
	Técnico de grado medio 2								0	
	Técnico de grado superior 1								0	
	Técnico de grado superior 2								0	
IV	Personal auxiliar SAF Básico	Empresa contratada		26908,56	17643,83		4670,99		4593,74	
					57516,78	0	4670,99	0	25310,12	

		Total orzamento	87497,89		Total Financiamento	87497,89			

- 3.- Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias e de completar coa súa achega económica o financiamento dos módulos solicitados para o desenvolvemento do Programa
- 4.- Aceptar o compromiso de publicitar a achega provincial e de facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña en todas as comunicacións polas que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet.
- 5.- A entidade acepta a regularización financeira para compensar os reintegros derivados da xustificación do Programa de anos anteriores
- 6.- Facultar expresamente ao alcalde/sa ou representante da entidade local para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

11. Concesión de alimentos a familias desfavorecidas

Concesión de alimentos a dous usuarios.

12. Alta na tarxeta de estacionamento

Concesión dunha tarxeta de estacionamento

13. Rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria

A secretaria – interventora

Visto e prace
O presidente